

Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 380, do 24.5.1989.

Emendas, BOPG núm. 394, do 20.6.1989.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 417, do 19.9.1989.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 422, do 28.9.1989.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 422, do 28.9.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 140, do 10.10.1989.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 432, do 19.10.1989.

Diario Oficial de Galicia núm. 206, do 26.10.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 36, do 10.2.1990.

Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma

A Disposición Adicional primeira da Lei 4/1988, do 1 de xuño, da Función Pública de Galicia, creou na Comunidade Autónoma os corpos de administración especial, entre os que se deben encadrar, pola súa singularidade e especialidade, os que corresponden ó persoal sanitario.

A racionalización da política de xestión de persoal suscita a necesidade de proceder á unificación dos corpos e escalas de persoal sanitario transferidos das distintas Administracións Públicas á Comunidade Autónoma, corpos e escalas que quedan integrados nos corpos da Comunidade, e será esta a que defina o seu rexime xurídico e a que lles asigne atribucións dentro do ámbito das funcións que ten asumidas a Xunta de Galicia en materia de sanidade.

Doutra banda, o desenvolvemento do Servizo Galego de Saúde e a conseguinte reestructuración de toda a infraestrutura sanitaria de Galicia demandan a creación, dentro dos corpos da administración especial, de dúas escalas que permitan ordenalo persoal de xeito coherente coas necesidades reais nos ámbitos de

atención primaria e especializada e da administración de saúde: escala sanitaria de atención primaria especializada e escala de saúde pública.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma.

Artigo 1

Os corpos e escalas de funcionarios da Administración transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia que prestan servizos na Consellería de Sanidade integranse nos corpos de administración especial, de conformidade co establecido nas Disposicións Adicionais primeira e segunda da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.

Artigo 2

Créanse nos corpos relacionados as escalas seguintes:

a) Escala sanitaria de atención primaria e especializada:

Integraranse nesta escala, no corpo que lles corresponda, os funcionarios ó servizo da Comunidade que á entrada en vigor da presente Lei ocupen postos de traballo no ámbito da atención primaria e especializada de saúde.

Corresponderanlles ós funcionarios desta escala as funcións de atención integral á saúde no ámbito da atención primaria e especializada.

b) Escala de saúde pública e administración sanitaria:

Integraranse nesta escala, no corpo que lles corresponda, os funcionarios ó servizo da Comunidade que á entrada en vigor da presente Lei ocupen postos de traballo que non correspondan á atención primaria nin á especializada de saúde e que desempeñen funcións obxecto da súa profesión ou oficio sanitario específico.

Corresponderanlles ós funcionarios desta escala as funcións de saúde pública e administración especializada asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia que, para melloralo nivel de saúde, sexan aplicadas sobre a comunidade e o medio ambiente, en apoio de toda a estrutura sanitaria, especialmente da atención primaria.

Artigo 3

O persoal interino ou contratado administrativo, facultativo sanitario, axudante facultativo e auxiliar técnico que na actualidade presta servizos en postos dependentes da

Consellería de Sanidade manterá a súa relación xurídico-administrativa e os dereitos inherentes á súa condición de interino nos corpos e as escalas a que se refire o artigo 2 desta Lei, e nas condicións alí reseñadas.

Disposición transitoria primeira

O persoal ó que se refire a presente Lei que prestase servizos como interino ou en rexime de contratación administrativa na Comunidade Autónoma de Galicia poderá acceder á condición de funcionario dos corpos da administración especial, na súa correspondente escala, mediante a participación e superación dun concurso-oposición libre, que na súa convocatoria deberá respetar os principios de mérito e capacidade e no que se valorarán os servizos prestados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria segunda

O persoal que non supere a dita proba selectiva terá dereito á valoración dos servizos prestados noutras dúas convocatorias consecutivas e, no caso de que se atopase prestando servizos na data de entrada en vigor da presente Lei, a continuar na dita situación en calidade de interino, en tanto non se celebren as probas selectivas.

Tal situación non condicionará a consideración de vacante do posto de traballo que viñese desempeñando.

A puntuación obtida na valoración dos servizos prestados polo persoal ós que se refire a Disposición anterior, en ningún caso poderá exceder do 45% do máximo alcanzable na fase de oposición das probas selectivas correspondentes, a razón de 0,75% por mes de servizos, que se lles aplicará unicamente ós que superen a fase de oposición das probas.

Disposición transitoria terceira

A Consellería de Sanidade realizará a primeira das convocatorias aludidas no prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor da presente Lei, e as dúas seguintes no termo de un ano, contado desde a celebración da primeira.

Disposición transitoria cuarta

Ó persoal funcionario que se integre nos corpos e escalas e ó interino ou contratado administrativo ó que se refire o artigo 3 da presente Lei seralles de aplicación o sistema retributivo derivado da catalogación de postos de traballo que establece a Lei 4/1988, agás aquel que ocupe postos de traballo que leven aparelhada relación profesional retribuída polo INSA-LUD, que continuará co seu réxime retributivo actual ata que se acorde polo Consello da Xunta a

homologación de retribucións básicas dos funcionarios.

Disposición transitoria quinta

O persoal que ingrese nos corpos e escalas de referencia mediante as correspondentes probas terá a obriga de participar no primeiro concurso que se convoque con posterioridade ó seu ingreso e neste os funcionarios que xa fosen transferidos á Comunidade Autónoma terán, por unha soa vez, dereito preferente a ocupa-las prazas que soliciten respecto do persoal de novo ingreso.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Xunta de Galicia para dicta-las normas de carácter regulamentario e demais disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta Lei.

Disposición derradeira segunda

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente